



**Ast.º: Certificado decreto da adxudicación**  
**Ref.ª: Expdte. S. 01/12 (mobiliario sede)**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día quince de outubro de dous mil doce (15.10.2012) o sr. Presidente adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>  
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente S. 01/12, incoado para a contratación da adquisición dos subministres que, en lote único comprenden diverso mobiliario de oficina para a sede deste Consorcio e, atendido que no dito expediente, e no que respecta á presente, constan os seguintes:

**antecedentes:**

1. Que ao amparo do establecido polo art. 178 e concordantes do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o expediente se tramita de xeito ordinario e mediante procedemento negociado sen publicidade, xustificando este extremo, en que o prezo do presuposto do contrato, non supera a contía establecida polos arts. 138.2, 170 e 174 LCSP, resultando ser inferior ao que estas disposicións establecen como límite máximo para utilizares este procedemento sen publicidade.
2. Que constan no expediente que se cursaron tres invitacións e que foron recibidas por empresarios capacitados tal e como require a Cláusula 10ª do prego de administrativas particulares e que, rematado o prazo para a presentación, presentáronse tres ofertas.
3. Que, de conformidade co indicado prego, realizada a negociación dos criterios do contrato (baixa no prezo, redución do prazo de entrega e calidade dos bens) clasificáronse as ofertas e, solicitouse a documentación da Cláusula 16.2 ao inicialmente adxudicatario.
4. Que presentada a dita documentación, incluíndo tamén a garantía definitiva, consta a fiscalización previa que comporta a adxudicación do contrato emitida pola Intervención.

En consideración ao expediente tramitado, realizadas as actuacións establecidas nas cláusulas, 10 e seguintes e, en aplicación do establecido na cláusula 16ª.3 e concordantes do prego de cláusulas administrativas citado así como en relación coa Disposición adicional segunda do indicado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, mediante o presente

**RESOLVO:**

**1º.** Aprobar o proceso de licitación realizado por entender que o mesmo queda axustado ao establecido nas cláusulas 9ª e seguintes do prego de administrativas particulares que rexe no expediente S. 01/12, aprobado por esta Presidencia mediante resolución contida no decreto de data 21 de agosto de 2012.

**2º.** Adxudicar o contrato para adquisición dos subministres comprendidos no dito expediente S. 01/12, á mercantil denominada MUARSI, S.L. de conformidade coa súa oferta e, en consecuencia, nos termos seguintes:

ST  
SECRETARIA INTERVENCIÓN  
CORUÑA





- a) Prezo total do contrato: ascende á cantidade de 43.350,00€ (corenta e tres mil trescentos cincuenta euros), mais a partida que corresponde ao Imposto sobre o Valor Engadido, consonte ao seguinte:

	CIFRA	LETRA
Prezo do contrato (base)	43.350,00	Corenta e tres mil trescentos cincuenta euros.-
Imposto sobre o Valor Engadido (21%)	9.103,50	Nove mil cento tres euros con cincuenta céntimos.-
Total (incluída a partida do IVE.)	52.453,50	Cincuenta e dous mil catrocentos cincuenta e tres euros con cincuenta céntimos.-

- b) Prazo de entrega dos bens: trinta (30) días naturais desde o día seguinte ao da formalización do contrato.  
c) Calidade dos bens: de acordo coa oferta técnica do adxudicatario.

**3º.** Asemade, deixar establecido que o contrato rexerese:

- a) Polo disposto na presente resolución de adxudicación, cuxa certificación se unirá como anexo ao contrato.  
b) Polo prego de cláusulas administrativas particulares e polo das prescricións técnicas, coas modificacións introducidas no primeiro, polas melloras que respecto do prezo (cláusula 2ª.1) e prazo de entrega (cláusula 5.1) figuran no apartado 1º da presente e que, unha vez asinados polo contratista se unirán, así mesmo, como anexo ao contrato.  
c) Pola documentación técnica segundo a oferta do adxudicatario que comprende a calidade dos bens que comprende o subministro e que, firmada polo contratista, se unirá como anexo ao contrato.

**4º.** Dispoñer o gasto que comporta a presente adxudicación con cargo á aplicación 2012.920.625.00 do vixente Orzamento de 2012 deste Consorcio.

**5º.** Notificar a presente á totalidade dos licitadores, incluíndo ao adxudicatario, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de subscribirse no prazo máximo dos quince días hábiles desde o seguinte ao da recepción da indicada notificación.

**6º.** Contra o presente acto comprensivo da adxudicación e que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados e, especialmente, polos licitadores, ante a Presidencia deste Consorcio e de forma postestativa, o recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación da adxudicación definitiva e, notificación da adxudicación definitiva e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

- a) De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución expresa del recurso de reposición.  
b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá nembargante interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Ilmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación do contrato (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta d Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).

**7º.** Publíquese extracto que corresponda da presente resolución no perfil do contratante, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 16ª do prego de administrativas particulares e emitase, así mesmo, a certificación para a súa unión ao expediente de

25/3  
Secretaría Xeral  
CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA



orixe, S. 01/12, e como anexo que corresponda ao contrato que formaliza esta adxudicación segundo se cita no apartado 2º da mesma.

<<Rematado (...)>>

---

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. sr. presidente, en Carballo, quince de outubro de dous mil doce

V.º e pr.  
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

